

ENXEÑOS E CRIATURAS

EL PATAS

Xosé Miranda

En Antioquía, Colombia, el patas é o demo dos conventos, dos seminarios, das beaterías e dos claustros. Especialízase nas tentacións da carne, da gula e da bebida. Nos conventos aparécese levando rapazas, ou rapaces, para deleite dos monxes, ás monxas aparéceselles como capelán novo “barbilindo y acicalado”; aos cregos, como beata histórica, de carnes apretadas e formas succulentas. Tamén frecuenta os arrieros, os que axuda a conseguir favores sexuais nas pousadas dos camiños. Vexamos un caso:

“Iba por el camino un campesino, iba a prender un cigarrillo, y dice: ¡ay caramba, no estuviera aquí el patas para que me prendiera este cigarrillo! y de pronto salió una mano larga, larga, y ran, le alargó un fósforo y le prendió el cigarrillo. Ese campesino, al ver eso salió corriendo pues, porque, realmente desconcertado llegó a la iglesia del pueblo y tocando rápido para contarle al cura lo que le había pasado en el camino. Pero no estaba el cura; había un señor, y le dijo: usted no sabe, señor, lo que me pasó; dije «carajo, si estuviera el patas para que me prendiera este cigarrillo», inmediatamente me lo prendió. Era una mano larga, usted no se puede imaginar. Y el señor le dijo: ¿y no tendría una pierna así como ésta? Y levantó la pierna y tocó el techo de la iglesia.” (Contado por Javier Tafur, 38 años, no Tercer encuentro regional de contadores de historias y leyendas, Buga-Colombia, 1989. En *Memoria de tres encuentros*, Instituto andino de artes populares del Convenio Andres Bello, Quito, 1990)

Ademais de decatarse de que o nome “patas” é unha alusión aos pezuños do demo, o lector que lese o noso último artigo reconecerá inmediatamente o incidente. É comparable aos do “diente largo” cubano e aos do noso diaño burleiro. Pero é o caso que outra característica do “patas” tamén está no noso diaño: a longa man. Véxase:

Contan en Adrán que hai moitos anos chegaba un muiñeiro do traballo cargado cun saco ó lombo. Viña por un camiño estreito, un carreiriño a pé do río, xusto onde hai un pasadouro de pedras para cruzar. Cando quixo saltar a primeira pedra o saco abalou e fíxolle perder o equilibrio. E por máis que o intentou, sempre lle pasaba o mesmo. Afirmouse ben na beira e, con tento, quixo poñer o pé na pedra sen que o saco abanase. Neso sentiu unha voz:

—Ven, que che axudo eu.

Na outra beira estaba un home cativo e descoñecido. O muiñeiro quíxolle dar a man, pero neso reparou en que o homiño tiña un brazo máis longo que o corpo e cada vez o brazo medráballe máis, cruzando o río todo. Doutro xeito non lle podería dar a man, que quedaba moi lonxe. Quedou frío e dixo:

—¡Arrenegado sexa o demo!

E o outro marchou correndo e botando lume pola boca. O muiñeiro cruzou como puido e aínda, no camiño a casa, viuse perseguido polo homiño aquel, ou o demo que fose.

(Tomado do libro de Mini e Mero, *Somos lenda Viva*, Citanía, Lugo, 1996)

O narrador galego non conta en que consiste ese “viuse perseguido”, mais da comparación con outros relatos galegos, cubanos e colombianos podemos deducilo. Seguiremos outro día. ●



O caso é que outra característica do “patas” tamén está no noso diaño: a longa man”

TRIBUNA ■ Beito Alonso.

Historiador.

John Thompson, autor de *As novelas da memoria. Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*.

PACO VILABARROS

PARA QUE SERVE A MEMORIA?

Vivimos tempos de certa turbación. Ou se prefiren, de perplexidade. E falo da nosa cultura, desa mesma ánima que esperta tanta e tanta preocupación nas autoridades políticas deste país. Eu xa estaba tentado de arrombar no canto da leña a miña modestísima contribución á historia da aldea, de seguir o camiño tracexado por algúns notables literatos que mesturan con saboría as pingas xustas de español e de galego para facer de nós un corpo social equilibrado e saudable, cando reparei nalgúns sinais chocantes. Voulles falar dun deles. O sorprendente interese que ten despertado nos investigadores norteamericanos, en diferentes vertentes, en distintas perspectivas, a cultura deste país. E non falo de varias décadas atrás. Falo de case hoxe.

E todo isto vén a conto polo coñecemento, e logo pola lectura e aínda pola reflexión sobre o libro de John Thompson (*As novelas da memoria. Trauma e representación da Historia na Galiza contemporánea*. Ed. Galaxia, 2009). Non son crítico literario nin teño vontade de tal e por iso impórtanme pouco os compromisos coas filias e fobias coas que o crítico de Montana despacha a narrativa galega que ten abordado o universo do 36. O que a min me interesa é xustamente aquilo que encabeza o título, o que representa a me-

moria na Galiza de hoxe.

Pero en tempos coma estes, de tanta tribulación institucional para o idioma propio, para a recuperación da memoria colectiva, e para outras tantas cousiñas aldeás, algúns rexeitan a máxima de que non toca mudanza e dan en espertigar a nosa conciencia (é o caso de Thompson) cun arsenal de declaracións tan contundentes como necesarias, “Finalmente concibimos estas novelas galegas como ferramentas idóneas para reelaborar a memoria. Interésannos, sobre todo, esas novelas, posto que son especialmente efectivas á hora de forxaren na comunidade lectora unha conciencia histórica, unha sensibilidade cara á forza da memoria na constitución de quen somos agora e quen seremos no futuro” (p. 15). E o asunto non é precisamente menor. Non tanto porque de cando en vez algún alcaldable coruñesista, ocorrente e demagogo, saque os pés do testo. Con iso sempre hai que contar. O problema é outro. Falo da lousa do tempo.

Para as xeracións máis novas, o do 36 non é máis que algo do que se fala con prevención, aínda hoxe, nas casas e un lugar difuso na cronoloxía histórica, onde Franco, os “nacionais” e os “roxos” conforman unha amalgama conflitiva da que cómpre fuxir como do lume. No mellor dos casos é prehistoria. Na bata-

lla social pola rexeneración da memoria, o franquismo segue a gozar do beneplácito dunha certa comprensión (ou indiferenza, tanto ten) fronte á descualificación moito máis estendida do nazismo e, por veces, do fascismo. Non descarto que algo se teña avanzado na desmontaxe daquel imaxinario colectivo construído polo aparato de propaganda franquista ao que Thompson lle atribúe a capacidade de “realimentar o estereotipo dun pobo que eles afirmaban ser inherentemente dócil e mesmo agradecido pola intervención” (p. 20), pero tamén resulta moi posible que todos os esforzos que se teñen gastado nos últimos anos na rehabilitación da memoria subterránea non fosen percibidos por unha parte importante da sociedade galega como necesarios e mesmo imprescindibles. Para Thompson, esta eiva non é máis que unha manifestación da deriva aniquiladora das sociedades posmodernas, “A progresiva perda de distancia crítica entre os individuos e a realidade provocou unha crise de historicidade na sociedade posmoderna” (p. 37). Pero eu son un pouco máis pesimista e fío máis no desamparo moral que atravesou a obra de Primo Levi, o desacougo que o levou a articular a metáfora vital da “zona gris”, o pánico que o levou a dubidar da propia condición humana. Co-

mo, senón, interpretar que unha sociedade tan próxima en tantos aspectos á galega, tan implicada na restauración da memoria das vítimas (até o punto que unha delas poda chegar a ser Presidente do país), como é a do Uruguai veña de lexitimizar a amnistía autoconcedida polos vitimarios e de outorgarlle parte da súa confianza política ao herdeiro do ditador Bordaberry. Ula, a memoria?

Por iso mesmo acaba tanta relevancia perseverar naquilo que Thompson bota a faltar, "(...) traballos que deiten luz sobre o xeito en que podemos facer máis efectiva a transmisión destas memorias, como podemos conseguir que a memoria chegue a artellar as experiencias actuais dun número meirande de persoas" (p. 10). Precisamente porque eu non teño a seguridade de que a batalla por contradicir a memoria oficial sustentada polo franquismo (e pouco máis que reciclada a partir de 1975) se poda gañar pola vía exclusiva do traballo académico e da conmemoración ritual debemos explorar todas as vías posibles para que esa memoria fanada deixe de ser un elemento marxinal e mesmo teña unha plena utilidade social.

A VÍA NARRATIVA. É evidente que, para Thompson, unha desas vías é a narrativa. Porque, reclama o crítico, a diferenza do que ocorre con outro tipo de propostas, as novelas interfíren nas vivencias persoais dos lectores, empatizan con eles e poden "actualizar" acontecementos que se produciron hai moitas décadas atrás, outorgándolles un verniz de utilidade que non resulta doado atopar noutros mecanismos explicativos. Na súa opinión, a literatura é un instrumento extraordinariamente fecundo na rexeneración e mais na suturación da fragmentación social que se percibe nas sociedades posmodernas. E eu concordo con esta apreciación. Normalizar o relatos da represión, dos testemuñais e dos ficcionais, inserta no tecido social o automatismo de repulsa pola intolerancia, pola violencia totalitaria, polo desprezo da diferenza. E, dalgún xeito, tamén contribúe á reconstrución da nosa identidade colectiva. En primeiro lugar, porque rebenta con aquel estereotipo interesado dun pobo sumiso e indiferente, porque nos devolve dignidade e autoestima. Logo, porque nos axuda a reparar no territorio da complexidade e das múltiples contra-



Thompson lémbra nos que as novelas poden actualizar acontecementos que se produciron hai moitas décadas"



O problema non radica no idealismo republicano, esa sorte de sentimento prepolítico que se asenta nunha Arcadia feliz"

dicións, persoais e colectivas, que se agochaban nunha sociedade como a nosa en tempos de grandes mudanzas e turbulencias universais. E, finalmente, porque recoñecendo ese pasado terrible, empregamos a memoria no seu valor máis social e colectivo, o da comprensión acaída do presente. Ao cabo, todos nós somos fillos da ilusión, da desesperanza e da grisalla da queles corenta anos de sinrazón.

UN PAR DE APUNTAMENTOS. E para rematar, un par de apuntamentos. John Thompson ten comentado nalgũa entrevista para os xornais que o nacionalismo galego sintese "incómodo" coa cuestión da memoria. Esa incomodidade residiría no feito de que "este subxénero literario propón, en maior ou menor medida, un tipo de conciencia nacional enraizada no marco republicano, recoñecendo, polo tanto, un vencello co resto do Estado" (p. 141). Penso que a Thompson se lle foi a man no uso do xenérico para cualificar a actitude do conxunto do nacionalismo verbo da memoria. Quizais non reparou, pola propia inercia do discurso, na actividade que despregou o equipo da Consellería de Cultura na etapa do bipartito e no feito, aínda máis significativo, de que boa parte das iniciativas que se teñen desenvolvido nos últimos 15 anos para a recuperación da nosa memoria colectiva foron impulsadas por nacionalistas. O que si é certo é que para unha parte dese mesmo nacionalismo, pero tamén para unha boa parte das forzas políticas da esquerda, a cuestión da memoria é un asunto conflictivo. Para os primeiros porque, efectivamente, dubidan se o enxalzamento e reivindicación da etapa republicana pode afortalar unha concien-

cia nacional española, malia que republicana, e para os segundos por se aquela xeira fai aflorar no presente certas estratexias e tácticas das que teñen renegado moito tempo ha.

Coincido con Thompson nunha cousa. Na importancia que ten a memoria na configuración da conciencia nacional galega, na reconstrución identitaria desta colectividade. Pero a diferenza do que el pensa, eu non aposto gran cousa polo valor simbólico da República (supoño que se refire á II República) nin da súa obra política, e moito menos pola súa utilidade social na construción dun proxecto sociopolítico maioritario. O problema non radica no idealismo republicano, esa sorte de sentimento prepolítico que se asenta nunha Arcadia feliz, nin na sublimación estética dos seus símbolos e consignas. Porque, como case sempre, segue a situar o centro de atención nos "outros", en xeitos e propostas que non sempre tiveron que ver coa nosa realidade cotiá. Repare o señor nas risotadas que botaron moitos dos moi progresistas deputados das bandadas da Fronte Popular (das que da conta o Diario de Sesións) cando Alonso Ríos defendeu nas Cortes españolas a necesidade dunha reforma agraria para o minifundio. A parte non pode explicar o todo, pero axuda a comprendelo.

Nin son accidentalista verbo da forma de Estado nin penso que a historia-ficción sobre a deriva da II República no tocante á organización territorial teña grande relevancia. A min o que me interesa, porque entendo lexítimamente que é un ben colectivo, é a nacionalización da memoria. O que a min me importa é outra cousa. O substrato. Constatar e dar fe de que en Galiza houbo mulleres e homes que se opuxeron ao terror, que deberon de facelo dende a máis radical soidade, que houberon de dotarse de mecanismo específicos e autónomos para ese labor (a guerrilla podería ser un bo exemplo), que a "zona gris", tan ben debuxada polo Afranio no seu libro-testemuño, atrapa coa súa sombra a heroicidade e a delación, e que para unha vez que facemos saltar a banca do autogoberno e desa sacrosanta República integral, algúns pensaron que era ofensa desmedida. E martirizáronnos. E só puidemos sobrevivir xuntos, a miseria moral e mais dignidade impoluta. Esa é a nosa memoria colectiva. Aí está unha parte da nosa identidade.●

Morre Ricard Terré, o fotógrafo que regresou

X.C.

De 1960 e 1982 Ricard Terré (Sant Boi de Llobregat, 1982-Vigo, 2009) abandonou a fotografía. Cando voltou a ela mantivo as mesmas constantes formais, que singularizan a súa obra no panorama español. Residente en Vigo desde 1959, Terré deixara as cámaras cando era integrante da poderosa Agrupación Fotográfica de Almería.

Iniciárase no mundo da arte como pintor e caricaturista e empezou na fotografía en contacto coa Agrupación Fotográfica de Cataluña. Como se explica na coincidencia web www.riocardterre.com, sostida pola súa filla Laura, historiadora e animadora de iniciativas como o Centre de Fotografia Documental de Barcelona, "o traballo de Terré componse dunha serie única de nove temas que se entrelazan e chegan a confundirse: *Sobre os*

homes, Ironías, Nenos, Viúvas do mar, Morte das cousas pequenas ou Semana Santa".

Christian T. Caujolle ten escrito que resultaba espectacular comparar as datas das súas imaxes, "demostran a permanencia durante medio século dunha ollada xenerosa e arriscada, a mesma onte que hoxe". E Pere Formiguera, comisario dunha das súas mostras refírese á violencia formal das imaxes de Ricard Terré, "feitas dun branco e dun negro que case non existen nin en fotografía, non representa unha agresión gratuita nin está destinada a "épater le bourgeois" nun exercicio de labarada. Eu máis ben definiríaa como un sonoro toque de alerta que invita a reformularnos os valores humanos propios. Como unha petición para que nos detexamos por un intre e nos enfrontemos ao Home".●

TURISMO VERSUS CULTURA

Xosé Antonio Perozo

Que o turismo xera cultura é indiscutible. Que a cultura xera turismo é un avance das programacións culturais modernas. Que o turismo é unha industria de consumo masivo, non é un descubrimento. Que a cultura é unha área de goberno sempre difusa está demostrado, pero nada destas consideracións xustifica a práctica da Xunta de unir nunha mesma consellería as dúas áreas de Goberno. Sobre todo, se á hora de facer a repartición orzamentaria, unha prima en detrimento da outra en función das necesidades ou das estratexias que o Goberno desexa executar. Porén, ninguén evitará que a auga das comparacións sexa un torrente desbocado, como acontece estes días de discusión no Parlamento dos presupostos para 2010. Turismo arrasa nas contas e Cultura mira con envexa a caída das súas posibilidades.

Das poucas esperanzas, que o goberno de Feixóo manexa para saír da crise, o turismo é a principal. A oportunidade do Xacobeo é o dourado que os conservadores queren utilizar para atravesar un deserto económico no que non arriscan nin ideas orixinais nin propostas económicas novidosas. As experiencias pasadas, especialmente durante a crise mundial do 1993 en coincidencia co cambio do Ano Santo pola marca Xacobeo, son un aval para manter a ilusión. É comprensible, polo tanto, que a Consellería de Cultura poña na súa grella máis carne de turismo que peixe de cultura. Pero o feito de que se poida entender non quere dicir que deba aceptarse. Se o Xacobeo vai ser o motor de Galicia no vindeiro ano, ademais de turismo debe ser cultura en igualdade de compromiso para que non todo quede en fume.●



O Xacobeo é o dourado a utilizar para atravesar o deserto económico"

